

# Vivendas escolares

## 1. Dereito a casa - habitación

Este dereito subsiste a todos os efectos para os mestres e mestras. A prioridade para a súa adxudicación, cando soliciten vivenda vacante varios mestres ou mestras, debe ser a seguinte:

- 1º Profesores ou profesoras titulares de prazas no propio Centro, cando se trate de vivendas que pertencen ao Centro escolar ou anexas ao mesmo. A orde entre eles e elas virá dada pola maior antigüidade sen interrupción no colexio.
- 2º Profesores ou profesoras definitivos e definitivas e provisionais con máis antigüidade na localidade e, no caso de empate, por número de rexistro.
- 3º Interinos e interinas.

A adxudicación de vivenda implica a obrigatoriedade de ocupación efectiva da mesma, pois en caso contrario, e de conformidade con reiteradas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, queda sen efecto o dereito a casa-habitación podendo procederse ao desaloxo desta para llela adxudicar a outros/as interesados/as. Antes de ocupar a vivenda, deberá levantarse acta, con asistencia dun representante do Concello, na que se reflicta o estado de conservación da mesma. Os únicos gastos que lles corresponden aos usuarios ou ás usuarias das vivendas son os derivados do consumo de auga, luz e calefacción, así como os de reparacións cando os danos proveñan do mal uso das instalacións. En teoría, os Concellos teñen a obriga de consignar nos seus orzamentos as cantidades necesarias para a conservación e reparación dos edificios escolares, incluíndo as vivendas do profesorado.

O feito de elixir unha praza do primeiro ciclo da ESO situada na mesma localidade que o Centro de educación primaria no que se tiña destino definitivo, non implicará a perda do dereito a goce da vivenda.

## 2. Desafectación de vivendas escolares

A Consellaría de Educación poderá declarar a desafectación das vivendas cando estas non sexan necesarias para a fin que cumpren e sempre que en dito edificio non funcione unidades escolares.



### Normativa:

Art. 185 e ss. Do Decreto 17/1947 polo que se aproba o Estatuto do Maxisterio. Decreto 250/1988, polo que se regula o dereito á casa-habitación dos mestres e mestras.